



| Teaching Guide           |   |        |                        |           |  |  |
|--------------------------|---|--------|------------------------|-----------|--|--|
| Identifying Data         |   |        |                        | 2020/21   |  |  |
| Subject (*)              | Educación e linguas en Galicia  |        | Code                   | 652604003 |  |  |
| Study programme          | 10 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Ciencias Sociais (Geografía e Historia)   |        |                        |           |  |  |
| Descriptors              |   |        |                        |           |  |  |
| Cycle                    | Period  | Year   | Type                   | Credits   |  |  |
| Official Master's Degree | 1st four-month period   | First  | Obligatory             | 1.5       |  |  |
| Language                 | Galician  |        |                        |           |  |  |
| Teaching method          | Hybrid  |        |                        |           |  |  |
| Prerequisites            |   |        |                        |           |  |  |
| Department               | Letras  |        |                        |           |  |  |
| Coordinador              | Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano  | E-mail | carlos.vizcaino@udc.es |           |  |  |
| Lecturers                | Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano  | E-mail | carlos.vizcaino@udc.es |           |  |  |
| Web                      |   |        |                        |           |  |  |
| General description      | Esta materia ten como obxectivo central a reflexión sobre a relevancia da diversidade lingüística e o papel que o sistema educativo xoga no seu mantemento, coñecer a realidade sociolingüística galega e analizar o papel dos centros de ensino como axentes de planificación lingüística. Por tanto, a través do seu estudo, esta materia pretende incorporar a cultura da planificación e da intervención como factores esenciais da educación.  |        |                        |           |  |  |
| Contingency plan         | <p>1. Modificacíons nos contidos<br/>Non se consideran.</p> <p>2. Metodoloxías<br/>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br/>Lecturas.<br/>Estudos de casos.<br/>Discusións dirixidas.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifigan<br/>As sesións maxistrais celebraranse por Teams no horario marcado para as sesións desta materia.<br/>A proba de ensaio tamén terá lugar nunha sesión de Teams.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br/>Celebrarase unha sesión semanal de atendimento grupal de unha hora de duración.<br/>As sesións de atendimento individualizado celebraranse polo medio combinado previamente co/a estudiante.</p> <p>4. Modificacíons na avaliación<br/>Non se consideran.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacíons da bibliografía ou webgrafía<br/>Non hai modificacíons. Toda a bibliografía básica está accesíbel no espazo de Moodle destinado á materia.</p> |        |                        |           |  |  |

| Study programme competences |  |
|-----------------------------|--|
| Code                        | Study programme competences  |
| B13                         | (CE-G13) Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro. |
| C1                          | N.1. Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma.  |



|    |  |
|----|--|
| C4 | N.4. Desarrollarse para el ejercicio de una ciudadanía abierta, culta, crítica, comprometida, democrática y solidaria, capaz de analizar la realidad, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones basadas en el conocimiento y orientadas al bien común. |
|----|--|

| Learning outcomes   |      |                             |
|---|------|-----------------------------|
| Learning outcomes   |      | Study programme competences |
| Saber deseñar mecanismos de recoñecemento no grupo escolar de preconceptos que conduzan á discriminación (nomeadamente a lingüística) e actuacións para a súa erradicación  |      | BJ13                        |
| Avaliar criticamente e en grupo as debilidades e as fortalezas dun proxecto lingüístico de centro de ensino real.   | BJ13 | CJ4                         |
| Participar con argumentos sólidos e as claves da redacción académica en discusións dirixidas sobre a situación sociolingüística galega, os modelos de educación plurilingüe e o papel dos centros de ensino na planificación lingüística.   | BJ13 | CJ1                         |
| A través das lecturas recomendadas, comprender a situación sociolingüística galega e coñecer a lexislación vigorante referida ao ensino das linguas en Galicia, mantendo un espírito crítico e comprometido cos valores de xustiza e equidade, asumindo a necesidade de actualización profesional ao longo da vida. | BJ13 | CJ4                         |

| Contents  |   |
|---|---|
| Topic   | Sub-topic   |
| Unidade e diversidade lingüística. Modelos de educación bilingüe ou plurilingüe | Que son as linguas?<br>Canto coñecemos sobre a diversidade lingüística?<br>A educación en contextos plurilingües<br>Como apostamos polo plurilingüismo?                   |
| A situación sociolingüística da lingua galega                                   | Coñecemento e uso da lingua galega<br>Actitudes e preconceptos sobre as linguas. O caso galego<br>Ameazas e fortalezas da lingua galega                                   |
| As linguas no sistema educativo galego  | A lexislación lingüística no sistema educativo<br>A competencia lingüística<br>A formación lingüística<br>Referentes e compromisos  |
| O papel dos centros educativos na planificación lingüística                     | A intervención sociolingüística no ensino. Obxectivos e niveis de actuación<br>O proxecto lingüístico de centro<br>Os equipos de normalización e dinamización lingüística |

| Planning                       |              |                      |                               |             |
|--------------------------------|--------------|----------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests          | Competencies | Ordinary class hours | Student?s personal work hours | Total hours |
| Online forum                   | B13 C1 C4    | 0.5                  | 4                             | 4.5         |
| Workbook                       | B13          | 1                    | 13.5                          | 14.5        |
| Guest lecture / keynote speech | B13          | 3.5                  | 0                             | 3.5         |
| Long answer / essay questions  | B13 C1 C4    | 0                    | 4                             | 4           |
| Case study                     | B13          | 5.5                  | 4.5                           | 10          |
| Personalized attention         |              | 1                    | 0                             | 1           |

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

| Methodologies |   |
|---------------|---|
| Methodologies | Description   |
| Online forum  | Na plataforma Moodle abrirase un espazo virtual de discusión e de aprendizaxe colaborativa en que se construirá convxuntamente un glosario de termos especializados, se incorporarán ligazóns de interese relacionada cos contidos da materia e terán lugar discusións asíncronas dirixidas polo docente. |
| Workbook      | Elaboración de dous informes sobre as lecturas obligadas e realización de comentarios retroalimentadores dos informes realizados polas outras persoas.  |



|                                |  |
|--------------------------------|--|
| Guest lecture / keynote speech | Presentación, desenvolvimento e análise de contidos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado alcanzar as competencias e destrezas previstas na materia.  |
| Long answer / essay questions  | Realizarase unha proba escrita de ensaio en que o alumnado deberá pór en relación, de maneira argumentada e crítica, un texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais.  |
| Case study                     | Nas sesións interactivas realizaranse supostos prácticos (i) de actuación sobre os marcos de pensamento ocultos que condicionan a atribución de valores negativos a unha lingua, (ii) de planificación lingüística nos centros de ensino e (iii) de análise, revisión crítica e proposición de alternativas de mellora dun proxecto lingüístico de centro. |

## Personalized attention

| Methodologies | Description  |
|---------------|--|
| Online forum  | O docente fará un seguimento semanal do caderno dixital e dará pautas de comprensión das dúbihdas que ficaren, así como ofrecerá outras lecturas alternativas. |
| Workbook      | Por outra parte, todas as persoas discentes recibirán recomendacións sobre o seu seguimento das aulas e da materia no tempo en que esta se desenvolver.        |

## Assessment

| Methodologies                 | Competencies | Description   | Qualification |
|-------------------------------|--------------|---|---------------|
| Online forum                  | B13 C1 C4    | Participación através do Moodle na construcción do glosario, nas discusións dirixidas asíncronas e na achega de ligazóns de interese.                                       | 30            |
| Long answer / essay questions | B13 C1 C4    | Proba escrita en que deberá que relacionar de maneira crítica e con argumentos madurecidos un texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais. | 30            |
| Case study                    | B13          | Traballo crítico con supostos prácticos, individual ou grupalmente.   | 30            |
| Workbook                      | B13          | Elaboración de informes de lectura segundo as pautas fornecidas polo docente e achega de comentarios aos informes das/dos compañeiras/os.                                   | 10            |

## Assessment comments

|   |
|---|
| Todas as actividades deberán ser entregadas de acuerdo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará na plataforma Moodle. O estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica entregará as actividades obligatorias nunha data concertada previamente co profesor. Este alumnado deberá realizar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puider asistir ás tutorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico. |
| Para superar a materia, será condición indispensábel ter realizado os estudos de casos e obter unha cualificación mínima de 4 valores sobre 10 na proba obxectiva.  |
| As persoas que se presentaren á segunda oportunidade (xullo) deberán entregar, antes da data marcada aos efectos de avaliación pola Facultade de Educación, os traballos que non tiveren superados, ben como realizar a proba de ensaio (caso non ter atinxido 4 valores sobre 10 na primeira oportunidade ou non a ter realizado).   |
| Será considerado NON PRESENTADA aquela persoa que non realizar os estudos de casos e a proba obxectiva.   |
| Os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio e/ou presentación do mesmo exercicio en varias materias. Caso se producir algúna destas circunstancias, o traballo ficará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.  |

## Sources of information



|               |  |
|---------------|--|
| Basic         | <ul style="list-style-type: none"><li>- Villares Naveira, L. (2010). Estudos xurídicos do Decreto de plurilingüismo. Ames: Laioveneto</li><li>- Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo: Galaxia</li><li>- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia</li><li>- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). A planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia</li><li>- Xunta de Galicia (2005). Plan xeral de normalización da lingua galega . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia</li><li>- Skutnabb-Kangas, T. (2011). &amp;quot;Resultados de crecementismo e a homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos más válidos?&amp;quot;, en Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC</li><li>- Xunta de Galicia (2007). Planificación linguistica nos centros de ensino 2007. Compostela: Xunta de Galicia</li><li>- Subielo e Fente (2012). &amp;quot;Reflexións relativas á elaboración participativa dun marco de planificación lingüística dos centros de ensino&amp;quot;, en A letra miúda nº 1. Compostela: GENDL</li><li>- Iglesias Álvarez (2012). &amp;quot;Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos&amp;quot;, A letra miúda nº 1 (2012).. Compostela: GENDL</li><li>- Asorey Vidal (). &amp;quot;O ensino en territorios con conflicto lingüístico&amp;quot;, Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo, 897-904.</li></ul>  |
| Complementary | <ul style="list-style-type: none"><li>- Silva Valdivia, B. (2008). Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro . Vigo: Galaxia</li><li>- Moreno Cabrera, J. C. (2006). De Babel a Pentecostés. Manifesto plurilingüista. Barcelona: Horsoni</li><li>- Díaz García et ali (2009). Diversidade lingüística e cultural no ensino de linguas . Santa Comba: tresCtres</li><li>- Silva Valdivia, B. (2010). Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán. Santiago: Universidade</li><li>- Freixeiro Mato, X. R. (2002 [1997]). Lingua galega: normalidade e conflito. Ames: Laioveneto</li><li>- Monteagudo, H. /Bouzada, X. (2002). O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000). Vol. II. Educación . Compostela: Consello da Cultura Galega</li><li>- Skutnabb-Kangas, T. (2000). Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights?. New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates</li><li>- Moure, T. (2010). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética . A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña</li><li>- Calvet, L.J. (1995). A guerra das linguas e as políticas lingüísticas. Compostela: Laioveneto</li><li>- García Plata, Ignasi (). &amp;quot;A planificación?n lingüística nos centros de ensino. A experiencia de Catalunya&amp;quot;, A letra miúda nº 2, Revista de sociolingüística da CGENDL . Compostela: GENDL</li><li>- Ponencia de lingua do Consello da Cultura Galega (1999). Dereitos lingüísticos. Compostela: Consello da Cultura Galega</li><li>- Sanmartín Rei, G. (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC</li><li>- Subielo, X. (2009). &amp;quot;Democracia e política lingüística en Galiza&amp;quot;, en Monteagudo (coord.) Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade. Compostela: Consello da Cultura Galega</li><li>- García Negro, Mª do Pilar (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Pontevedra: Cumio</li></ul> |

## Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments



&lt;p&gt;Recoméndase o envío dos traballos telematicamente e, se non é posíbel, non empregar plásticos, escoller a impresión a dupla cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.&lt;/p&gt;&lt;p&gt;Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, ben como ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.&lt;/p&gt;

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.